



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL A LARACHA

Bases concurso de postais. Nadal 2024

PRIMEIRA – Obxecto

É obxecto deste concurso estimular a participación, desde os colexios, dos/as nenos/as nunhas das datas máis significativas do ano; o Nadal.

SEGUNDA – Participantes

Poderán participar todo o alumnado do municipio das seguintes etapas educativas:

- Educación infantil (4º, 5º e 6º)
- Educación Primaria (1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º)

TERCEIRA – Forma de presentación

Os traballos entregaranos o persoal dos centros escolares do municipio nas **oficinas de rexistro** do Concello da forma en que segue:

- Na parte posterior da obra, achegarase o **nome e apelidos** do/a autor/a, **curso** escolar e **centro** ao que pertence.
- O formato será libre sempre e cando estea contido dentro do **formato A4**.
- No caso de Educación Primaria, non se valorarán os traballos dunha clase cun mesmo modelo de postal para todo o alumnado. Debe ser unha postal diferenciada para cada persoa, xa que o premio é individual.
- Todos aqueles traballos que non respecten estes requisito serán descalificados.

CUARTA – Prazo de presentación

O prazo de presentación remata o **martes 17 de decembro** do 2024. A cualificación farase o **xoves 19 de decembro** ás 10:00 h na Casa da Cultura da Laracha.

QUINTA – Premios

Establécense **doce** premios que se repartirán en **catro** categorías:

- **Categoría A:** Educación Infantil, 1 premio por nivel (4º, 5º e 6º de infantil)
- **Categoría B:** 1º e 2º de PRIMARIA , 3 premios.
- **Categoría C:** 3º e 4º de PRIMARIA, 3 premios.
- **Categoría D:** 5º e 6º de PRIMARIA, 3 premios

Os premios de Infantil serán de carácter colectivo (por aula).

Os premios de primaria serán de carácter individual.

Os premios consistirán en **xogos** e/ou **material educativo** e/ou **libros de lectura** adaptado ás idades das persoas galardoadas.

SEXTA – Xurado

O xurado estará formado por dúas persoas nomeadas pola Concellería de Cultura, e por unha persoa representante de cada un dos CEIP do municipio: Ramón Otero Pedrayo, Alfredo Brañas e Caión.

SÉTIMA – Listaxe de premiados

A listaxe de premiados publicarase na páxina web www.alaracha.gal e no Facebook do Concello (<https://www.facebook.com/ConcelloALaracha/>). Ademais, o Concello da Laracha comunicará ás persoas galardoadas a decisión do xurado.

Os/as gañadores/as deberán recoller o seu premio o venres 20 de decembro ás 19:30 horas na Casa da Cultura da Laracha.

OITAVA –

A participación neste concurso supón a plena aceptación das presentes bases.

A Laracha 14 de novembro de 2024

O Alcalde

José Manuel López Varela

2024/8174